




Tertulias Literarias

PROGRAMACIÓN GRUPO A (Xaneiro – Marzo 2011)



El quinto en discordia, de Robertson Davies

Gañador do prestixioso Premio Llibreter no ano 2006 e a primeira parte da "Trilogía de Deptford" que inclúe "Manticora" e "El mundo de los prodigios". Unha saga ao estilo clásico, chea de ramificacións na que existen segredos familiares, confesións que non acaban de dicirse, dúbidas paterno-filiais e antigos amores que reaparecen ao cabo dos anos.

León el Africano, de Amin Maalouf

As novelas de Maalouf sempre xiran en torno á xeografía, á historia e aos conflitos relixiosos no Mediterráneo. A figura de León O Africano, como a de tantos árabes andaluces, trázase no seu exilio en Fez. Coñecerá a misteriosa cidade de Tombuctú e os quince reinos que separan o Níxer e o Nilo, O Cairo e Constantinopla, e, finalmente, a fascinante Roma do Renacemento.



Los girasoles ciegos, de Alberto Méndez

"Los girasoles ciegos" é un libro articulado ao longo de catro historias - catro derrotas, di o autor- que transcorren entre o período quizais máis duro da posguerra, que vai dende 1936 a 1942. Alberto Méndez tiña 63 anos cando veu publicada esta primeira obra e morreu sen chegar a saborear o seu éxito.



Narcos, de Carlos González Reigosa

Un barco cunha carga de droga vai cruzar o Atlántico para alixar nas costas galegas. Un xuíz tenaz está sobre aviso e dispónse a interceptalo para asestar un duro golpe ao narcotráfico. O detective Nivardo Castro e o xornalista Carlos Conde (xa coñecidos pola súa presenza noutras novelas de Reigosa: *Crimen en Compostela* e *La guerra del tabaco*) teñen un miradoiro privilexiado nese labirinto de lumes cruzados, onde alcanzan, coa súa investigación, un protagonismo decisivo.



Entre la bruma, de Simonetta Agnello Hornby

Mike e Jenny son un matrimonio "perfecto" de clase media-alta londinense que un bo día vese sometido a unha acusación de abusos sobre unha das súas dúas fillas. Simonetta Agnello Hornby percorre nesta novela dende os máis luxosos ambientes ata os máis periféricos, incluídas as salas dos tribunais, nun relato cheo de suspense que alterna a intriga do *thriller* xudicial co retrato social.



GRUPO A